



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, E E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA A XESTIÓN DE BENS COMISADOS EN DELITOS CONTRA O NARCOTRÁFICO

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade ás accións da sociedade fronte ao narcotráfico.

Antecedentes: Con datas do 7 de abril de 2015 e do 17 de novembro de 2016, asináronse convenios de colaboración coa Fundación Galega contra o Narcotráfico que tiñan por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a Fundación Galega contra o Narcotráfico para o estudo, deseño e implantación por esta de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico e delitos conexos.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Galega contra o Narcotráfico o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2017.





O convenio ten por obxecto *establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Fundación Galega contra o Narcotráfico para a implantación por esta de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico. En particular, o obxecto do convenio consiste no poio financeiro á fundación para que esta poida desenvolver o seu proxecto de actividades consistente na articulación coordinada dunha serie de actuacións de ofrecemento de colaboración e auxilio ás autoridades xudiciais e outros axentes implicados nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico instruídos en Galicia.*

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Fundación Galega contra o Narcotráfico é unha entidade privada sen ánimo de lucro que naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 2002, continuando na liña de traballo que viña realizando a Plataforma Galega contra o Narcotráfico, asociación sen ánimo de lucro rexistrada co número 141.003 no Rexistro Nacional de Asociacións. Por medio de acta notarial outorgada o 24 de xaneiro de 2002 disólvese a plataforma e constitúese a Fundación Galega contra o Narcotráfico, aprobándose os seus estatutos.
- A fundación ten por obxecto a loita contra o tráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias na sociedade galega (principalmente de orde sanitaria, económica, social e de seguridade), a través de diversas actividades e eixes de traballo. Con este fin, a fundación desenvolve iniciativas en distintas áreas, entre as que destacan as actuacións de loita contra o narcotráfico e delitos conexos dende a sociedade civil en colaboración permanente coas forzas e corpos de seguridade do Estado e mais coas diversas administracións con competencias na materia, tal e como se recolle nos seus estatutos, así como tamén a celebración de xornadas e foros de debate, a elaboración de propostas legislativas e outras actividades.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que,





promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade fronte ao narcotráfico e delitos conexos.

- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de loita contra o narcotráfico a través da colaboración coas forzas e corpos de seguridade, con profesionais do eido xudicial e coas administracións e organismos con competencias na materia, o que supón por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico a asunción dunha serie de obrigas económicas e de traballo.

Financiamento: a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará á Fundación Galego contra o Narcotráfico a cantidade máxima de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, como contribución aos gastos soportados pola fundación pola realización do seu proxecto de actividades. Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

